

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 20/10/2023**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D <sup>a</sup> . Marta Fernández-Tapias Núñez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. José Carlos López Campos
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D <sup>a</sup> . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D <sup>a</sup> . María Nava Castro Domínguez
	D. Carlos López Font
	D. Carlos Gómez Prado
	D <sup>a</sup> . Ana Laura Iglesias González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D <sup>a</sup> . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D <sup>a</sup> . Beatriz Lomba Rodríguez
	D <sup>a</sup> . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dezasete minutos do día vinte de outubro do ano dous mil vinte e tres, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2023059696)**



Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de setembro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DAR CONTA DA CELEBRACIÓN DA III ESCOLA DE INICIACIÓN DE FUTUROS GANDEIROS NA FINCA MOURISCADE O PASADO MES DE SETEMBRO (expte.: -)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre a celebración da III Escola de iniciación de futuros gandeiros na Finca Mouriscade o pasado mes de setembro:

“ASUNTO: DAR CONTA DA CELEBRACIÓN DA III ESCOLA INICIACIÓN FUTUROS GANDEIROS NA FINCA MOURISCADE O PASADO MES DE SETEMBRO

Entre o 1 e o 5 de setembro tivo lugar na granxa da Finca Mouriscade a III Escola de Iniciación de Futuros Gandeiros organizada pola Federación Frisona Galega en colaboración co Clube de Xóvenes Gandeiros.

Dita edición desenvolveuse có obxectivo de atender a ampla demanda que tivo a segunda edición celebrada no mes de xullo nas mesmas instalación da granxa da Finca Mouriscade. Daquela a matrícula pechouse con 30 participantes admitidos e 18 en lista de espera que son os que puideron completar a formación na edición do mes de setembro.

Os dezaioito rapaces e rapazas participantes, de idades comprendidas entre os 8 e os 17 anos, procedían de diferentes concellos das provincias de Pontevedra, A Coruña e Lugo.

Ó longo das cinco xornadas do curso os participantes abordaron temas como o encamado, alimentación, muxido, morfoloxía, pelado e manexo das vacas da granxa da finca e demostraron as súas habilidades no acto de clausura do curso.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
A Xefa do Servizo de Medio Ambiente,  
(documento asinado electronicamente)  
Asdo.: María Concepción López Paz”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da celebración da III Escola de iniciación de futuros gandeiros na Finca Mouriscade o pasado mes de setembro referida “ut supra”.

## **3.- DAR CONTA DO PROGRAMA DE EXPERIENCIAS: PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA ÚLTIMA CONVOCATORIA (expte.: 2023058942)**



De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre o Programa de Experiencias: Proxectos nos que participa a Deputación de Pontevedra na última convocatoria:

“A Deputación de Pontevedra ten, entre as súas competencias, o fomento e a administración dos intereses da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo na provincia de Pontevedra unha cuestión prioritaria. Con tal motivo dase conta das diferentes candidaturas de proxectos que no marco do “ *Extracto da Orden de 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do Programa "Experiencias Turismo España" no marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*”, publicada no BOE do 2 de agosto de 2023

A liña de axudas que se regula por esta orde se incardina no Compoñente 14 do Plan de Recuperación, denominado «Plan de modernización e competitividade do sector turístico», no investimento 4, «Actuacións especiais no ámbito da competitividade, proxecto 1, «Desenvolvemento de produto turístico e modernización do ecosistema turístico».

A Estratexia de Creación, Innovación e Fortalecemento de Oférta País e o Programa Experiencias Turismo España establecen un obxectivo central: fortalecer as redes de actores que traballan na creación ou adaptación de experiencias a nivel país, así como aumentar e mellorar as experiencias turísticas en España para a súa posterior promoción internacional.

O Programa Experiencias Turismo España establece tres liñas de traballo con obxectivos específicos que poderán formar parte dos proxectos que se presenten para concorrer ás axudas públicas estatais, anuais e plurianuais, que se outorgarán a través de convocatorias en réxime de concorrencia competitiva segundo o previsto no artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións

No marco desta convocatoria a deputación de Pontevedra a través dos servizo de turismo traballouse conxuntamente con dúas agrupacións distintas que formalizaron ambas candidaturas de proxectos dos que se da conta a comisión informativa:

- **PROXECTO EXPERIENCIAS PRAIAS SEN LIMITES:** Experiencias atemporais para reducir a temporalidade.
  - o Socios do Proxecto:
    - Turismo e planificación Costa do Sol (Andalucía); Promoción exterior de Lanzarote, SA (Canarias); Empresa Municipal de Turismo de Santander, Empresa Municipal Almería turística e Deputación de Pontevedra.
  - o Orzamento do proxecto: 895000,00 € en total correspondendo a sendo da Deputación 148.372,04 €
  - o Contido do Proxecto:
- **PROXECTO EXPERIENCIAS VILAS TERMAIS:**
  - o Socios do proxecto
    - Instituto Ourenzano de Desenvolvemento Económico, Junta de Extremadura, Deputación de Pontevedra, Ajuntament de Caldes de



MontBui, Balneario de Archana SA, Ayuntamiento de Archena e  
Federación OPC España  
o Orzamento total 997000,00 €, correspondendo 97000 € a Deputación de  
Pontevedra

Asinado na data da sinatura dixital.

Ruth González Reyes

Xefa do Servizo ”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do Programa de Experiencias: Proxectos nos que participa a Deputación de Pontevedra na última convocatoria referido “ut supra”.

**4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA EVITAR O COLAPSO ECONÓMICO DOS CONCELLOS AFECTADOS POLO CANON DE DEPURADORAS CREADO POLA LEI DO CICLO INTEGRAL DA AUGA E PARA INSTAR AO GOBERNO GALEGO Á POSTA EN MARCHA UN PLAN REGRADO DE INVESTIMENTOS A PARTIR DOS INGRESOS DO CANON DE ABASTECIMENTO**

Neste punto o presidente solicítalle a quen presenta a moción que o faga en nome do grupo provincial, xa que no título da documentación achegada consta “grupo municipal”. O Sr. López Font comenta que foi un erro, polo que se procede á súa corrección.

A continuación, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:

“O Grupo Socialista na Deputación de Pontevedra, ao amparo da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate e votación en Pleno:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Cando a comezos do ano 2022 a Xunta de Galicia presentou o primeiro borrador da Lei do Ciclo Integral da Auga 1/2022 do 12 de xullo, a Deputación de Pontevedra foi a primeira Administración pública en advertir publicamente que se aveciñaba un sablazo fiscal aos concellos que se acabaría trasladando ao recibo da auga e, por tanto, á fiscalidade municipal.

A Deputación de Pontevedra presentou alegacións, xunto con outras deputacións galegas, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e un bo número de concellos. A resposta da Consellería de Infraestruturas foi "negar a maior" e afirmar que non habería repercusións económicas nin para os concellos, nin para a veciñanza.



Os feitos veñen de dar a razón a esta Deputación, toda vez que xa se teñen xirado os dous primeiros cuatrimestres dun dos tres novos impostos creados por esta lei (o canon de depuradoras) e o impacto para as arcas municipais é devastador, ata o punto de que compromete a viabilidade económica de varios concellos.

A estimación de que os tributos creados pola Lei do Ciclo da Auga ían producir un incremento dun 60% nos custes para os concellos quedaron curtas. As primeiras estimacións falan dun impacto substancialmente maior á luz dos dous primeiros cuatrimestres do canon de xestión de depuradoras que a Xunta vén de librar nas pasadas semanas e que teñen acendido tódalas alarmas nos concellos, especialmente os máis pequenos.

A brutal repercusión deste novo imposto, coñecido como o "imposto á choiva", dado que grava especialmente aos concellos con infiltracións de pluviais nas súas redes, afecta a máis dunha quincena de municipios atendidos polas depuradoras da Illa de Arousa, Arcade, Comboa (ambas en Soutomaior), Dena (Meaño), Gondomar, Nigrán, Ponte Caldelas, Ribadumia, Riomaioir (Vilaboa), Tomiño, Tragove (Cambados), Baiona e Moraña. Ademais da de Praceres, en Pontevedra. Cómpre ter en conta que estas depuradoras atenden tamén a concellos veciños e que, por certo, as liquidacións estanse a facer de xeito estimativo en función dos concellos, sen medicións reais do volume que chega cada municipio.

Este canon, coñecido como o "imposto á choiva", nace de xeito chapuceiro, sen que a lei teña sido desenvolvida regulamentariamente e cuns importes realmente abusivos. Hai concellos pequenos para os que supón un importe próximo ao medio millón de euros anuais e outros grandes, nos que se calcula que alcanzará o millón de euros. Dun xeito ou doutro, isto acabará repercutindo claramente nos impostos municipais, pois os concellos vense na obriga de incrementar a recadación para garantir a viabilidade dos servizos que prestan. Xa son varios os concellos que, acuciados por este novo impacto, que vén sumarse aos que producen as "competencias impropias" que a Xunta obriga a exercer aos concellos, co Servizo de Axuda no Fogar (SAF) á cabeza, teñen optado xa por subir o IBI e o IVTM.

Mentres tanto, a Xunta finxe que non pasa nada e limita a repetir que o saneamento é unha competencia municipal. A mesma Xunta que ten conxelado dende hai 14 anos o financiamento municipal e que se dedica a baixar impostos autonómicos "aos ricos" ao tempo que incrementa os chamados "impostos ocultos", é dicir, aqueles que recada a través dos recibos municipais.

Dos tres novos tributos creados pola Lei Integral do Ciclo da Auga tamén merece atención o canon de abastecemento, que substitúe ao canon da auga, e que supón unha importante recadación para as arcas galegas. A lei reguladora do antigo canon da auga obriga a investir os ingresos en melloras hidráulicas en toda Galicia. A realidade é que eses ingresos dun imposto finalista acaban sempre en obras realizadas en concellos gobernados polo PP. Actualmente, hai dous concellos na nosa provincia que están recibindo cuantiosos investimentos para a rede separativa das augas pluviais, mentres se ignora aos demais. Isto nin é xusto, nin solidario, nin tampouco coherente con esta nova Lei do Ciclo da Auga.

Por todo elo, o Pleno da Deputación de Pontevedra adopta os seguintes:

**ACORDOS:**

1. Reclamar da Presidencia da Xunta e da Consellería de Infraestruturas que a Xunta asuma integramente o custo da xestión das depuradoras, devolva



os dous cuatrimestres xirados do chamado canon de depuradoras e que modifique a Lei do Ciclo Integral da Auga para eliminar este canon abusivo sobre os concellos.

2. Reclamar da Presidencia da Xunta e da Consellería de Infraestruturas que se elabore un cadro cuatrienal de financiamento de obras hidráulicas na totalidade dos concellos de Galicia para solucionar, con criterios regrados, os problemas de eficiencia das redes de abastecemento e saneamento e cese o uso partidista da recadación do canon de abastecemento.

Carlos López Font

Voceiro do grupo provincial socialista

17 de Outubro de 2023 ”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, ditamina desfavorablemente a referida moción cos votos en contra dos/das deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular (9), e os votos a favor dos/das deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

*(documento asinado electronicamente)*

Marcos Areán González

